

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO MUNICIPAL DE DEPORTES DE PONTEVEDRA E A ENTIDADE ESCUDERÍA CIUDAD DE PONTEVEDRA PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE DO AUTOMOBILISMO NO CONCELLO DE PONTEVEDRA DURANTE O ANO 2015.

No Concello de Pontevedra, sendo as 13:00 horas do día 20 de abril de 2015.

REUNIDOS:

Dunha parte D. Agustín Fernández González, Presidente do O.A. Instituto Municipal de Deportes de Pontevedra, no exercicio das atribucións conferidas pola lexislación de Réxime e Administración Local e polos propios Estatutos.

E da outra D. Florentino Leiro Portela, con DNI [REDACTED] como Presidente da Escudería ciudad de Pontevedra, con C.I.F. G36359933.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e se recoñecen reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste Convenio, e a tal efecto,

EXPOÑEN:

I.- Que segundo resulta dos Estatutos da entidade Escudería ciudad de Pontevedra foi constituída sen ánimo de lucro, sendo os seus principais fins, entre outros, a práctica do automobilismo, podendo fomentar manifestacións de carácter físico-deportivo dirixidas ao público en xeral. Destacando no seu plan de actividades para a promoción do deporte a organización de competicións de promoción deste deporte.


II.- Os estatutos da devandita entidade foron visados dispoñéndose a súa inscrición baixo o número 6517 do Rexistro Autonómico de Asociación Deportivas que se leva a cabo na Xunta de Galicia, radicando o seu enderezo en Pontevedra.

III.- Pola súa banda, os artigos 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, e 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establecen que o Municipio para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo competencias nos termos da Lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras materias, nas de actividades ou instalacións culturais e deportivas. E o artigo 8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia, establece como competencia dos Concellos, entre outras, fomentar e promover a actividade deportiva no seu territorio respectivo.

IV.- Dende os últimos anos o Concello de Pontevedra, a través do O.A. Instituto Municipal de Deportes de Pontevedra, fai un esforzo moi importante para a celebración no noso Concello de eventos deportivos de primeira orde no Estado e a nivel internacional para fomentar a participación deportiva entre a poboación do Concello e promover a imaxe do municipio.

V.- Que a entidade Escudería ciudad de Pontevedra é unha entidade do municipio de Pontevedra que se dedica unicamente ao automobilismo o que imposibilita a concorrencia con outras entidades deportivas.

A tal fin, no marco das competencias en materia deportiva segundo os artigos precedentes citados das Leis 7/85, e 11/1997 este O.A. Instituto Municipal de Deportes de Pontevedra compromete para o ano 2015, nos seus vixentes orzamentos ordinarios, as partidas ou aplicacións orzamentarias necesarias para asumir unha parte dos gastos que ocasionan a organización de actividades e eventos deportivos singulares e relevantes no Concello de Pontevedra. Como neste caso, para a organización no Concello de Pontevedra de actividades deportivas de promoción do automobilismo. De maneira que o instrumento xurídico do Convenio de Colaboración resulta o habitual para canalizar as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, consonte ao establecido na actualmente vixente Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións aprobada polo Pleno da Corporación na sesión do 17 de setembro de 2004 (BOP nº190 do 30/09/2004), baixo a vixencia, por conseguinte, da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo que no vixente orzamento se incluíu o outorgamento de achega directa á



entidade deportiva, procedendo que a xustificación posterior para a achega do importe económico recolle todas as prescricións sinaladas ao debido control e aplicación dos fondos públicos.

En base a canto antecede e considerando o establecido nos artigos 294 e 310 da Lei de Administración Local de Galicia sobre a actividade de fomento e os convenios, 111 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local, e 88 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, as partes intervincentes acordan celebrar o presente convenio de colaboración para a promoción do deporte do automobilismo no municipio de Pontevedra, que se rexerá con suxeición ás seguintes,

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA. - É obxecto do presente Convenio establecer as condicións reguladoras da subvención económica a outorgar polo O.A. Instituto Municipal de Deportes de Pontevedra e a entidade Escudería ciudad de Pontevedra, pola promoción do deporte do automobilismo no Concello de Pontevedra, para o que desenvolverá a seguinte actividade XVIII Subida ciudad de Pontevedra.

SEGUNDA. - O O.A. Instituto Municipal de Deportes de Pontevedra comprométese a aportar ata o 100% do importe do gasto total co límite de oito mil cincocentos euros (8.500,00 €), por tratarse de actividades puntuais e/ou extraordinarias de grande interese público e/ou social, así como de promoción turística e económica do Concello e por ser organizadas por entidades deportivas que, aínda que teñen unha relación directa coa organización de eventos deportivos na modalidade deportiva correspondente, estas son de carácter puntual e/ou extraordinario e se desenvolven fora da programación habitual do organizador e por conseguinte fora da programación anual orzamentaria da entidade organizadora.

En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas de outras Administracións Públicas ou de outros entes privados, supere o custe total da actividade a desenvolver polo beneficiario.

Baixo a suxeición e prescricións establecidas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e as Bases reguladoras da Ordenanza Xeral de Subvencións aprobada polo Pleno da Corporación na sesión do 17 de setembro de 2004, tendo emitido previo informe a Intervención sobre a existencia de crédito na aplicación orzamentaria oportuna, que se fará efectiva da forma que orzamentaria e normativamente corresponda, podendo pagar, unha vez xustificada regulamentariamente, as cantidades parciais por cada unha das actividades.


Correspondendo oito mil cincocentos euros (8.500,00 €) pola actividade denominada XVIII Subida ciudad de Pontevedra.

A subvención aprobada poderá ser revisada, unha vez coñecido o financiamento do gasto a través das contribucións complementarias de axudas de outras entidades, así como, no seu caso, outros ingresos, de tal xeito que a súa contía definitiva supoña o resultado deficitario da liquidación final de gastos menos ingresos.

TERCEIRA. - A entidade deportiva comprométese a destinar a achega do O.A. Instituto Municipal de Deportes de Pontevedra á organización da citada actividade encamiñada á promoción do citado deporte no Concello de Pontevedra e destacará, en lugar preeminente, a colaboración económica ou patrocinio do O.A. Instituto Municipal de Deportes de Pontevedra tanto nos libros, folletos, carteis, informacións e material e documentación en xeral, como nos anuncios de difusión das actividades, e a instalación de publicidade estática do O.A. Instituto Municipal de Deportes de Pontevedra e a do Concello de Pontevedra na instalación deportiva onde se desenvolva a actividade. Así mesmo, recoñece que o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver polo beneficiario.

CUARTA. - A entidade deportiva beneficiaria poderá solicitar por escrito o anticipo do 30% da cantidade subvencionada para sufragar gastos inaprazables derivados da organización do evento deportivo.

QUINTA. - A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención realizarase mediante a presentación de conta xustificativa segundo acorda o artigo 19 da Ordenanza Municipal que regula a xustificación



das subvencións públicas, para cada unha das actividades de promoción do deporte definidas na base primeira. En todo caso, o prazo para a rendición da conta xustificativa non poderá exceder de tres meses dende a finalización da actividade ou do 31 de marzo do ano seguinte.

SEXTA.- A extinción ou resolución do Convenio producirase nos seguintes casos:

- a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o houberan impedido.
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da concesión.
- c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.
- d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión previstas na convocatoria.
- e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro.
- f) Incumprimento das obrigas impostas pola administración, así como dos compromisos asumidos polos beneficiarios das subvencións, sempre que afecten ou se refiran ao obxecto da subvención.
- g) Adopción dunha decisión da cal se derive a necesidade de reintegro.

SÉPTIMA.- O presente Convenio de Colaboración entrará en vigor no intre da súa sinatura e terá unha vixencia limitada ao presente exercicio, polo que as actividades e xustificacións de gastos terán que referirse ao ano como período completo, rematando o mesmo coa resolución que poña fin á xustificación da aplicación da contribución do O.A. Instituto Municipal de Deportes que se xestionará e renderá ante este Organismo Autónomo consonte coa forma establecida no procedemento xeral disposto no artigo 19 da Ordenanza Municipal de Subvencións, como acto obrigatorio da entidade deportiva que acredite o seu cumprimento.

En proba de conformidade, as partes subscriben e asinan o presente Convenio, por duplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data ao principio indicados, quedando un exemplar en poder de cada unha delas.


Instituto
Municipal
de Deportes
Pontevedra



PRESIDENCIA

O PRESIDENTE DO O.A. INSTITUTO
MUNICIPAL DE DEPORTES DE PONTEVEDRA,

Asdo.: Agustín Fernández González



O PRESIDENTE DA ESCUDERÍA CIDADE DE
PONTEVEDRA,

Asdo.: Florentino Leiro Portela

O SECRETARIO DO O.A. INSTITUTO
MUNICIPAL DE DEPORTES DE PONTEVEDRA,

Instituto
Municipal
de Deportes
Pontevedra



SECRETARÍA
Asdo.: José Carlos Castiñeira Piñeiro

